



# CICLO MULLERES GALEGAS

## CONFERENCIA

### TRALAS PEGADAS DA VELLA. O RECORDO NO FOLCLORE DA GRAN DEUSA PREHISTÓRICA

a cargo de **LIDIA MARIÑO**

**VENRES 27 DE OUTUBRO DE 2023 - 20:00 HORAS**  
**CASA DA CULTURA DE VILALBA**



O Instituto de Estudos Chairegos, en colaboración co Concello de Vilalba, organiza o **venres 27 de outubro de 2023**, na **Casa da Cultura de Vilalba**, ás **20:00** horas, unha **CONFERENCIA** titulada **“TRALAS PEGADAS DA VELLA. O RECORDO NO FOLCLORE DA GRAN DEUSA PREHISTÓRICA”**, impartida por **LIDIA MARIÑO**, *Fisioterapeuta e Antropóloga*. Presentará o acto **MARISA BARREIRO**, presidenta do **IESCHA**.

Esta será a **sétima conferencia** correspondente ao ciclo **MULLERES GALEGAS**, programado polo IESCHA para levar a cabo durante todo este ano 2023. A primeira tivo lugar no mes de xaneiro e correu a cargo de GERMÁN CASTRO que nos falou da científica galega **ÁNGELES ALVARIÑO**; a segunda, no mes de marzo, foi impartida por VANESA SISO e levaba por título: *“A cousificación e mercantilización do corpo das mulleres. Revisión das cantigas de tradición oral”*; a terceira, no mes de abril, impartida por LUZ DARRIBA co título *“Para reter a auga. Conversas ao redor de María Casares”*; a cuarta, a cargo de RICARDO POLÍN, no mes de maio, titulada *“A que fía, ama e ora. Estampas da muller tradicional na literatura de costumes (e no gravado antigo)”*, a quinta, no mes de xuño, impartida por MARTA COLLAZO *“Achegas feministas no itinerario de exeria”*, e a sexta, no mes de setembro, verso sobre a figura de *“Juana de Vega”*, e correu a cargo de **XOSÉ RAMÓN VEIGA ALONSO, ANA CABANA IGLESIA E MARTA VEIGA IZAGUIRRE**.

### LIDIA MARIÑO VENTOSO

Nacida en Portosín en 1984. Diplomada en Fisioterapia, actualmente atópase rematando o Grao de Antropoloxía Social e Cultural na Uned. Realizou varios cursos de extensión universitaria sobre antropoloxía, mitoloxía e ritualística galega; así como de investigación etnográfica, rituais con máscara, prehistoria, crenzas medievais e sobre as relacións entre a Natureza e a Cultura. En 2012 publica a novela histórica *“La verdad del bufón”*, no 2018 participa no libro colectivo *“Achegas ao Patrimonio Inmaterial Galego”* e en 2022 no de *“Terapie Ancestrali”* co seu capítulo sobre a medicina tradicional galega. Ten publicados numerosos artigos, así como tamén impartido conferencias, sobre diversos aspectos da mitoloxía, os ritos e as crenzas galegas O seu tema fundamental de investigación é a figura da Vella mítica, que estuda aplicando os métodos da mitoloxía comparada. A esta personaxe está dedicado o seu blogue *“Tralas pegadas da Vella”*. Actualmente é colaboradora do programa da Televisión de Galicia *“Quen anda aí?”*, onde ten unha sección dedicada a crenzas e rituais.

